


*Regulamento das*

# PRÁCTICAS EXTERNAS DO GRAO EN TRABALLO SOCIAL

Facultade de Educación e Traballo Social

Grao en Traballo Social



Aprobado en Xunta de Centro

3/05/2023



Centro certificado  
FIDES AUDIT



Facultade de  
Educación e Traballo Social

Universidade de Vigo

Área de Calidade

## **REGULAMENTO DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES DO ESTUDANTADO DO GRAO EN TRABALLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

(Aprobado pola Xunta de Centro de 3 de maio de 2023)

### **PREÁMBULO**

As prácticas curriculares na Universidade de Vigo enmárcanse no Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de goberno do 29 de abril de 2021, e desenvólvense mediante as seguintes normativas:

- Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, no que se establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais.
- Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario e, en concreto, os seus artigos 8 e 9, que recoñecen respectivamente o dereito do estudantado de grao e de mestrado a dispor da posibilidade de realizar prácticas tanto en entidades externas coma nos centros, estruturas ou servizos propios da universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á súa finalidade formativa, así como a contar cunha titorización académica e profesional efectiva.
- Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas participantes en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.
- Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia (disposición adicional vixésimo quinta: bonificación á Seguridade Social polas prácticas curriculares externas do estudantado universitario e de formación profesional.
- Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudantado universitario.

A mencionada normativa estatal establece os requisitos xerais que deben cumprir as prácticas académicas externas que lles dan autonomía ás universidades para promover, deseñar, seguir e avaliar as prácticas realizadas polo seu estudantado. Así, para cumprir a presente normativa, a Universidade de Vigo será a entidade responsable de xestionar e de mediar na sinatura dos convenios de cooperación educativa con empresas, entidades e institucións dirixidos a formalizar a incorporación do seu estudantado en prácticas. Así mesmo, a Universidade de Vigo deberá establecer os mecanismos para garantir o normal

desenvolvemento das prácticas académicas externas e, no seu caso, adoptar as medidas necesarias para alcanzar os seus obxectivos.

Segundo a Memoria de Verificación do Título de Grao en Traballo Social pola Universidade de Vigo, o Practicum insírese no módulo E do Plan de estudos: Practicum e Traballo Fin de Carreira e, dentro deste, na materia que ten a mesma denominación, sendo definido como “un conxunto de actividades orientadas a unha aprendizaxe baseada na acción e a experiencia, e a permitir a apropiación e integración de destrezas e coñecementos. O Practicum debe permitir ao alumnado, entre outras actividades, descubrir, analizar e comprender o contexto e os procesos de intervención social en compañía dun/ha traballador/a social experimentado/a no seu propio contexto organizativo. O Practicum debe desenvolverse en servizos e entidades desde os que se prestan servizos de Traballo Social e que sexan recoñecidos como centros colaboradores para a formación en prácticas polas universidades mediante convenios”.

O Practicum é unha materia obrigatoria, que se cursa no actual plan de estudos no primeiro semestre de cuarto curso da titulación. As prácticas teñen unha longa tradición nos estudos de Traballo social, imposibles de concibir sen a realización dun período de prácticas externas. Para a realización das mesmas hai un número suficiente de convenios con institucións, ONGs e entidades privadas. Nas fichas técnicas incluídas na devandita memoria, describíense as competencias e os contidos que se esperan acadar coa realización das prácticas.

O Practicum segue, na medida do posible, os “*Estándares de calidade de las Prácticas externas en la Titulación de Grado de Trabajo social*” elaborados no curso 2012/13 no marco da *Conferencia de Decanos y Directores de Trabajo social* nos que tamén participou a Universidade de Vigo ([http://conferenciatrabajosocial.blogspot.com/p/blog-page\\_21.html](http://conferenciatrabajosocial.blogspot.com/p/blog-page_21.html)), publicados na revista *Azarbe. Revista Internacional de Trabajo Social y Bienestar* (2013), 2, pp. 99-108.

## **CAPÍTULO I**

### **DEFINICIÓN, OBXECTO E REQUISITOS XERAIS DAS PRÁCTICAS EXTERNAS**

#### **Artigo 1. Obxecto e réxime xurídico.**

1. O obxecto do presente regulamento é o ordenamento das prácticas académicas externas (en adiante, as prácticas) do estudiantado matriculado na materia de Practicum do Grao en Traballo Social da Universidade de Vigo.
2. O marco legal que regula as prácticas está definido no disposto no preámbulo do presente regulamento así como no plan de estudos do Grao en Traballo Social.

## **Artigo 2. Ámbito de aplicación.**

Entran dentro do ámbito deste regulamento as prácticas realizadas por:

- a) O estudiantado matriculado na Universidade de Vigo no Grao en Traballo Social.
- b) O estudiantado procedente doutras universidades españolas ou estranxeiras que, en virtude de programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre elas, se atopen cursando estudos no Grao en Traballo Social na Universidade de Vigo ou nos seus centros adscritos, salvo que as normas que regulen o programa ou o convenio en cuestión dispoñan doutros requisitos.

Quedan excluídas do ámbito deste regulamento:

- a) As prácticas de campo e outras actividades prácticas relativas a outras materias do plan de estudos do Grao en Traballo Social diferentes á materia denominada “Practicum”
- b) As prácticas que pola súa natureza non se correspondan coas que o Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais lles atribúe ás prácticas externas curriculares.
- c) As prácticas externas realizadas no estranxeiro ao abeiro do programa Erasmus.

## **Artigo 3. Definición, características e natureza.**

1. As prácticas curriculares constitúen unha actividade académica de natureza formativa realizada polo estudiantado e supervisada pola universidade, que permite aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica tal e como se recolle no Libro Branco do Traballo Social. A efectos académicos, as prácticas curriculares configúranse como actividades académicas integradas no plan de estudos do Grao en Traballo social con carácter obrigatorio na materia de Prácticum tendo asignados 30 créditos ECTS.
2. As prácticas curriculares reflectiranse no expediente do estudiantado, así como no suplemento europeo ao título.
3. Para os efectos dos procedementos seguidos no desenvolvemento das prácticas, estas soamente poderán realizarse de modo presencial.
4. En canto ao lugar de desenvolvemento das prácticas, estas poderán levarse a cabo en entidades públicas e privadas (institucións, dispositivos, servizos, empresas, asociacións, organizacións non gubernamentais, etc.) sempre que:
  - a) A súa actividade estea ligada á prestación de servizos sociais.
  - b) A súa actividade estea relacionada con algunha das funcións que pode desenvolver un/ha traballador/a social, entendendo por “funcións” do profesional do traballo social as recollidas polo *Código deontológico de traballo social* (2015, 2ª ed.)

aprobado en *Asamblea General del Consejo General del trabajo social* o 9 de xuño do 2012, e que identifica alomenos as seguintes: información; investigación; prevención; asistencia; atención directa; promoción e inserción social; mediación; planificación; xerencia e dirección; avaliación; supervisión; docencia e coordinación.

- c) No lugar de desenvolvemento das prácticas exista un profesional do Traballo Social en disposición de supervisar ao estudiantado que curse a materia de Practicum.
- d) No caso de que na propia universidade se desen as condicións do apartado anterior (4), as prácticas poderían realizarse nela segundo o disposto nos artigos 9 e 16 do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo, aprobado en consello de goberno do 29 de abril de 2021.
- e) Se a realización da práctica esixise a necesidade de desprazarse fóra das instalacións da entidade colaboradora, deberá indicarse no proxecto formativo. No caso de que o estudiantado teña que realizar outros desprazamentos, estes deberán estar autorizados pola persoa titora académica.
- f) Ao ser a natureza das prácticas estritamente formativa, de realizalas non se derivarán, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia dun posto de traballo.
- g) En todo caso, procurarase que o proxecto formativo se conforme seguindo os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. En particular, a Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo, a través dos convenios de cooperación educativa, fomentará a accesibilidade para estudiantado con discapacidade ou situación de exclusión social.

#### **Artigo 4. Obxectivos**

Mediante a realización das prácticas, o estudiantado debe acadar os seguintes obxectivos:

- a) Contribuír á súa formación integral, complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica.
- b) Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.
- c) Favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas, así como a adquisición dos valores da innovación, creatividade e emprendemento.
- d) Obter unha experiencia práctica axeitada ao nivel de estudos cursados, como complemento formativo destes que mellore a súa empregabilidade e que facilite a inserción

no mercado de traballo. Ademais, a realización das prácticas polo estudiantado persegue achegar a universidade á sociedade promovendo vínculos de colaboración para a transferencia mutua de coñecementos e de resultados.

#### **Artigo 5. Duración, dedicación semanal e horarios.**

1. As prácticas curriculares terán a duración correspondente de acordo coa súa cuantificación en créditos na memoria de verificación do título.
2. O Practicum é unha materia de carácter obrigatoria e presencial, contemplada no primeiro semestre do cuarto curso da titulación. Consta de 30 créditos equivalentes a 750 horas (1 crédito = 25 horas). Estas horas distribúense entre:
  - a) horas presenciais de formación en aula docente na universidade para unha mellor inserción na entidade e antes da incorporación (9 horas por estudante), así como para grupos de supervisión presenciais na universidade (16 horas por estudante) ao longo das prácticas.
  - b) horas de permanencia na institución (entre 455-535 horas). O horario de realización de prácticas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da entidade colaboradora. Existe un abano de horas de permanencia do estudiantado na institución, entidade ou empresa, que oscila segundo a memoria de Grao en Traballo social entre as 450 horas e as 535 horas e que se axusta ao horario real da institución, entidade ou empresa, dada a experiencia de simulación laboral que supoñen as prácticas.
  - c) horas de preparación por parte do estudante para a elaboración dun documento antes da incorporación á entidade, para a análise de casos a presentar nas sesións de supervisión e para os informes e a memoria de prácticas (entre 205-270 horas).
3. Como o Practicum no Grao en Traballo social se cursa nun período sen ningún outro tipo de docencia, a dedicación semanal ás prácticas deberá ser como máximo de 40 h (isto é, 8 h/día) e, en virtude da memoria de verificación do título, será como mínimo de 7h/día.
4. Correspóndelle á Coordinación do Practicum do Grao en Traballo Social, en colaboración co titor/a académico/a correspondente, realizar o plan de axuste necesario para que a dedicación semanal de cada estudante, durante o período de realización das prácticas, cumpra cos mínimos esixidos no plan de estudos (455 horas presencias como mínimo na entidade), tendo como límite máximo o que estableza a lexislación vixente. Neste sentido poderanse ampliar as semanas de permanencia na entidade dun/dunha estudante, sempre coa conformidade da entidade.

5. O estudiantado poderá xustificar a falta de asistencia ás prácticas por razóns de índole persoal, familiar ou pola realización de deberes inescusables de carácter social debidamente xustificadas. A xustificación de ausencia deberá realizarse por escrito perante as persoas titoras tanto na universidade coma na entidade colaboradora e deberá estar adecuadamente acreditada. O estudiantado deberá cumprir polo menos o 85% da duración prevista no plan formativo. No caso de ausencias prolongadas, as prácticas poderán suspenderse temporalmente ou rescindir-se. As faltas de asistencia que deixen de ser puntuais deberán ser recuperadas (a partir de cinco días en todo o período, o que supón superar o 85% de asistencia). Nese caso correspóndelle á Coordinación do Practicum do Grao en Traballo Social, en colaboración co titor/a académico/a correspondente, realizar un plan de axuste pertinente que garanta a realización das horas mínimas esixidas no período de prácticas prolongando no tempo as mesmas e sempre de acordo co titor/a externo/a.
6. As prácticas externas curriculares serán compatibles co resto da actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo estudiantado. Prestaráselle especial atención á asistencia ás probas de avaliación.

#### **Artigo 6. Seguros.**

O estudiantado matriculado na materia de Practicum estará cuberto polos seguintes seguros:

- a) Seguro escolar, que inclúe a asistencia sanitaria ao estudiantado español ou estranxeiro menor de 28 anos, que resida legalmente en España e estea ao corrente da cota correspondente. O ámbito temporal de cobertura é o ano escolar.
- b) Seguro de accidentes, subscrito mediante unha póliza colectiva de accidentes, que cobre a todo o estudiantado (incluído o maior de 28 anos).
- c) Seguro de responsabilidade civil, que cobre os danos persoais e materiais que causen a terceiros durante a realización das prácticas durante o curso académico.

No caso de prácticas internacionais, o estudiantado terá que subscribir un seguro de accidentes que inclúa a repatriación. Do mesmo modo, se as prácticas se realizan nos Estados Unidos/Canadá, deberán contratar un seguro de responsabilidade civil.

Estes seguros rexen tanto para a permanencia do estudiantado no lugar habitual de prácticas como para os seus desprazamentos profesionais, nomeadamente reunións externas, visitas a outras entidades, acompañamentos e visitas domiciliarias, sempre que se produzan no contexto de desenvolvemento das prácticas.

#### **Artigo 7. Requisitos das persoas solicitantes.**

Para realizar as prácticas as persoas solicitantes deben:

- a) Estar matriculadas na materia Practicum do Grao en Traballo Social.
- b) Ter superadas oito materias de entre as dez seguintes:
  - 1. Habilidades, instrumentos e técnicas en Traballo Social
  - 2. Traballo Social individual e familiar
  - 3. Servizos Sociais Especializados I
  - 4. Proceso de Planificación en Traballo Social
  - 5. Organización dos Servizos Sociais
  - 6. Ética e Traballo Social
  - 7. Conceptos, Teorías e Métodos en Traballo Social
  - 8. Traballo Social Grupal e Comunitario
  - 9. Servizos Sociais Especializados II
  - 10. Xestión de Organizacións de benestar social.

c) Durante o período de realización das prácticas, o estudiantado non poderá manter ningunha vinculación contractual coa entidade colaboradora que o acolla ou, de ser o caso, coa propia Universidade de Vigo. Excepcionalmente, e sempre que non se poida recoñecer a partir da experiencia laboral ou profesional, o titor/a académico/a poderá solicitar a autorización para que o estudiantado realice as prácticas externas na mesma empresa ou institución. Nestes casos, o/a estudante deberá ocupar un posto diferente para o que está contratado no momento de realizar as prácticas, e estas realizaranse fóra do horario de traballo. A solicitude por parte do titor/a académico/a deberá estar debidamente xustificada e presentáraselle á comisión de prácticas para valorala e para emitir o informe. No caso de que o estudiantado en prácticas sexa nacional de países terceiros, aplicaráselle a Directiva 2016/801/UE do Parlamento Europeo e do Consello, así como as instrucións da Dirección Xeral de Migracións sobre a transposición ao ordenamento xurídico español da citada directiva, no caso de prácticas.

d) No caso de que as prácticas externas impliquen o contacto habitual con menores de idade, o estudiantado terá a obriga de achegar á Coordinación do Practicum e á entidade unha certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, antes da incorporación á entidade colaboradora.

#### **Artigo 8 . Requisitos das entidades colaboradoras.**

Para participar no programa de prácticas externas da Universidade de Vigo, a entidade colaboradora deberá cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:



- a) Realizar unha actividade económica ou profesional, sexa ou non lucrativa, e estar constituída legalmente baixo unha forma xurídica determinada.
- b) Dispor das instalacións e dos medios adecuados para desenvolver as prácticas.
- c) Dispor do persoal adecuado para titorizar as prácticas (véxase o artigo 9) e coa cualificación profesional de Asistente social, Diplomado en Traballo social ou Graduado en Traballo social.
- d) Cumprir coas condicións de seguridade e sanitarias, no seu caso, adoptadas polos seus servizos de prevención de riscos laborais ou autoridades competentes.
- e) Cumprir co marco legal en materia de prácticas académicas externas.
- f) No caso de entidades privadas, estas non poden estar incursas nun expediente de regulación de emprego (ERE) na data de inicio da práctica. No caso de que a regulación sexa temporal, e só afecte a algúns departamentos en concreto, o estudantado podería realizar prácticas sempre que non se realicen nas áreas afectadas.
- g) Para os efectos de tramitar a autorización, as entidades colaboradoras deberán garantir que cumpren cos anteriores requisitos. Ademais, a Universidade de Vigo poderá requirir os informes que estime oportunos a fin de determinar a idoneidade da entidade colaboradora. No caso de que para executar o programa formativo das prácticas se requira que o estudantado realice parte da súa actividade nas instalacións das entidades clientes que acollen o estudantado, esta circunstancia deberase reflectir no documento de formalización das prácticas. As entidades colaboradoras deberán comprometerse a cumprir co proxecto formativo e a facilitar unha titorización efectiva, axustando o número máximo de estudantes que poderán realizar prácticas simultaneamente na mesma entidade.

#### **Artigo 9. Requisitos das persoas titoras de prácticas**

1. Para realizar as prácticas externas, o estudantado contará con dúas persoas titoras: unha que forme parte do PDI da propia Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo (titoría académica) e outra externa, pertencente á entidade colaboradora (titoría externa).
2. A persoa titora académica deberá ser un docente pertencente a área de Traballo social (813), e que estea a impartir docencia no grao en Traballo Social.
3. A persoa titora externa, pertencente á entidade colaboradora, deberá estar vinculada con ela e contar con experiencia profesional en Traballo Social e cos coñecementos necesarios para realizar unha titorización efectiva e deberá estar destinada no propio centro de traballo onde se leven a cabo as prácticas. Non poderá coincidir coa persoa que desempeña as funcións de titorización académica na universidade.

4. A Facultade de Educación e Traballo Social prestaralles apoio ás persoas titoras de estudantado con discapacidade no desempeño das súas funcións, sempre que así o soliciten.

## **CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS**

### **Artigo 10. Convenios de cooperación educativa**

1. Antes de realizar as prácticas externas, a Universidade de Vigo deberá subscribir convenios de cooperación educativa coas entidades colaboradoras, de acordo co establecido no artigo 7 do Real decreto 592/2014.
2. Os convenios establecerán o marco regulador das relacións entre o/a estudante, a entidade colaboradora e a Universidade de Vigo.
3. A Universidade de Vigo dispón de modelos de convenios de cooperación educativa que establecen as bases da súa colaboración coas entidades nas que o estudantado desenvolve as prácticas.
4. No caso de que a entidade colaboradora propoña un modelo propio de convenio, este deberá ser tramitado pola Universidade de Vigo como convenio específico, e antes de asinalo deberá contar cun informe favorable do Servizo de Asesoría Xurídica e, de ser o caso, de Control Interno. As prácticas desenvolvidas baixo este tipo de convenios deben adaptar a súa formalización de acordo co procedemento habitual da entidade de acollida.

### **Artigo 11. Organización e responsabilidades**

1. A xestión e organización das prácticas externas curriculares é responsabilidade da Comisión do Practicum, co apoio técnico-administrativo do servizo ou servizos correspondentes da Universidade de Vigo (servizos centrais ou do centro). A orientación e seguimento do desenvolvemento das prácticas correspóndelles ás titoras e titores académicos, integrados na devandita comisión.
2. Composición da Comisión do Practicum:
  - a) A/o decana/o ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente da Comisión.
  - b) Coordinadoras/es do Practicum.
  - c) Titores/as académicos/as que actúen como tales no curso académico.
  - d) Docentes na materia de Practicum.

- e) Poderán tamén formar parte como máximo dous estudantes do Grao, así como un PAS, naquelas sesións en que se debatan cuestión organizativas e de mellora do Practicum.

De acordo co Decanato, nomearanse varios/as coordinadores/as do Practicum do Grao en Traballo social.

### 3.Responsabilidades das distintas partes implicadas:

a) Comisión do Practicum:

- Seguir as indicacións da Xunta de Titulación para a posta en marcha do Practicum do curso correspondente.
- Aprobar os modelos orientativos dos exercicios a entregar no proceso de supervisión individual e grupal e da memoria de prácticas, así como as rúbricas para a avaliación dos mesmos.
- Avaliar o proceso do Practicum e propoñer accións de mellora.
- Resolver as incidencias, no desenvolvemento do Practicum, que non estean contidas no presente regulamento, tanto de carácter xeral como particular.

b) Coordinación do Practicum:

- Manter as necesarias relacións de consulta e información co equipo decanal, en referencia a tarefas vinculadas á xestión, organización e procedemento do Practicum.
- Informar ao estudantado do procedemento e desenvolvemento do Practicum.
- Comunicar ao estudantado o destino no que vai realizar as prácticas, así como a súa publicidade.
- Comunicarlle ao profesorado a relación de estudantado e institucións asignadas.
- Manter a comunicación coas entidades de destino en todo o proceso.
- Recoller e intentar dar resposta ás dúbidas que lle formule o profesorado da materia, os xestores/as e/ou titores/as das institucións ou o estudantado.
- Elaborar os documentos necesarios para a orientación, desenvolvemento e avaliación do Practicum.
- Colaborar coa persoa coordinadora da parte docente da materia na elaboración da guía docente do Practicum.
- Colaborar coa persoa coordinadora da parte docente da materia en cubrir a acta da materia.

- Realizar os plans de axustes horarios e temporais do estudiantado en colaboración cos seus titores/as académicos/as.
- Convocar a Comisión de Practicum, de acordo coa decana/o, cando sexa necesario, e polo menos en dúas ocasións ao longo do curso académico, para garantir o procedemento contido nesta normativa, así como para resolver incidencias tanto de carácter xeral como particular, que poidan xurdir no desenvolvemento do Practicum, e propoñer melloras.
- Remitir a documentación necesaria ao decanato co fin de que poidan cubrir os protocolos relativos ás prácticas que estableza a Universidade de Vigo, así como para emitir as certificacións de titoras e titores externos.

A/s persoas/s que coordinen o practicum, terán dereito ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a universidade, de acordo á normativa interna.

c) Coordinación da parte docente da materia:

Dada a peculiaridade do Practicum do Grao en Traballo social, que abrangue docencia antes da incorporación do estudiantado á entidade en grupos medianos (9 horas por estudante) e supervisións intermedias ao longo do desenvolvemento das prácticas, articuladas en seminarios grupais pequenos (16 horas por estudante), o Practicum do Grao en Traballo Social conta cunha persoa coordinadora da docencia de Practicum que pode coincidir ou non coas persoas coordinadoras “institucionais” do Practicum. En todo caso, formará parte do equipo do Practicum e da súa comisión. As súas funcións serán:

- Coordinar a elaboración da guía docente do Practicum en colaboración coas persoas coordinadoras do Practicum.
- Axudar ás persoas coordinadoras do Practicum á elaboración do calendario docente da materia.
- Distribuír o estudiantado nos seus diferentes grupos medianos e pequenos.
- Dotar de unidade e facilitar a coordinación entre o profesorado con docencia na materia.
- Propoñer modelos orientativos dos exercicios a entregar e da memoria de prácticas así como as rúbricas para a avaliación dos mesmos, que serán elevados á comisión do practicum.
- Cubrir a acta da materia en colaboración coa/s persoa/s coordinadoras do Practicum.

d) Profesorado da materia:

Serán docentes na materia de Practicum aquel/a docente ou docentes que corresponda segundo o Plan de ordenación docente (POD) do ano en curso. Impartirán aulas nos grupos medianos e nos seminarios intermedios. As súas responsabilidades serán:

- Impartir a docencia previa ao inicio do Practicum, informando e asesorando sobre os contidos a entregar e a incorporación á entidade.
- Dirixir os seminarios de supervisión intermedios (grupos pequenos) e acompañar ao estudiantado na intervención profesional.
- Avaliar ao estudiantado ao seu cargo, corrixir os exercicios que se lle soliciten e entregar as notas á Coordinación da parte docente da materia.

e) Tutores/as académicos/as da universidade:

- Supervisar ao estudiantado ao seu cargo durante o período de realización das prácticas, mediante titorías específicas individuais presenciais ou online, das que quede constancia, segundo estableza a comisión e de acordo cos tutores e titoras, conforme cos procedementos de calidade.
- Avaliar ao estudiantado durante o período de prácticas baixo os procedementos explicitados na guía docente e a valoración da memoria final do estudiantado.
- Comunicar a cualificación da memoria final á persoa coordinadora da docencia nos prazos establecidos.
- Manter contacto inicial e seguimento do Practicum coas persoas titoras externas cara á avaliación do estudiantado, solicitando a documentación necesaria, que incluírá, de considerarse oportuno, os informes intermedios e, en todo caso, o informe final segundo os modelos establecidos pola coordinación do Practicum.
- Cubrir os protocolos establecidos pola coordinación para o seguimento do desenvolvemento do Practicum.

Terán dereito ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a universidade, de acordo á normativa interna.

- O incumprimento sistemático dalgunhas destas funcións pode ser motivo de baixa no equipo de Practicum.

f) Tutores/as externos/as:

- Acoller ao estudiantado e organizar a actividade a desenvolver de acordo ao establecido no proxecto formativo.
- Orientar, apoiar e supervisar as súas actividades.

- Coordinar coa persoa titora académica da universidade as actividades formativas, así como comunicarlle as posibles incidencias que poidan darse no proceso.
- Emitir un informe final que conterá a avaliación do estudantado. Se fose necesario e así se considerase, poderá emitirse un informe intermedio, que será enviado á persoa titora académica da universidade.
- Terán dereito ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade e a recibir todo o apoio preciso para o correcto desempeño das súas funcións, así como aos respectivos incentivos que a Universidade de Vigo estableza polo seu labor.

## **Artigo 12. Seguimento, depósito e localización da documentación do Practicum**

1. A Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense publicará na web o calendario de prácticas de cada curso, con antelación suficiente, unha vez aprobado pola xunta de titulación do Grao en Traballo Social.
2. A coordinación do Practicum realizará unha reunión informativa co estudantado na que se informará dos prazos previstos para a organización do Practicum, indicando o enlace no que localizar na web da facultade a relación actualizada de convenios que ten a Universidade para a realización das prácticas, así como os requisitos para solicitar centros cos que aínda non exista convenio. O estudantado disporá de información no buscador de convenios da Universidade de Vigo sobre o estado e vixencia dos diferentes convenios no seguinte enlace:  
<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/empleabilidad/practicas/convenios-practicas>
3. O estudantado solicitará no formulario de prácticas da secretaría virtual as institucións de prácticas dentro dos prazos establecidos no calendario.
4. Publicarase na web da Facultade a oferta de prazas de empresas e entidades dispoñibles para titorizar o estudantado.
5. Para a asignación de institución terase en conta a orde sinalada polo estudantado de entre as dez posibles opcións solicitadas no formulario de prácticas. No caso de que unha institución colaboradora teña máis solicitudes de prácticas que prazas ofertadas, a Facultade de Educación e Traballo Social organizará o acceso ás prazas en función da media do expediente académico do estudantado solicitante, no momento da elección do destino, garantindo en todo caso que teña prioridade para a asignación de praza o estudantado con discapacidade ou con certificación administrativa de estar en situación de exclusión social.

6. Publicarase un listado provisional na web da facultade, no que se realizará unha asignación de entidades permitindo un período de reclamacións segundo o que se estableza na calendario de prácticas.
7. Publicarase na web da facultade un listado definitivo de asignación de entidades de prácticas.
8. O estudiantado que non realice a solicitude nos prazos establecidos no calendario de prácticas accederá ás prazas vacantes nas institucións conveniadas, sendo as persoas coordinadoras de prácticas as responsables de asignarlle praza na institución, así como titor/a académico/a.
9. Así se fará igualmente con aquelas posibles prazas que, por incidencias sobrevidas, se dean de baixa trala asignación de destinos iniciais.
10. Será a Coordinación de Practicum quen manteña relación directa coas entidades. O estudiantado non poderá contactar coas mesmas, agás que estea autorizado pola Coordinación do Practicum.
11. Para desenvolver e xestionar as prácticas externas, a Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo utilizará os documentos que se detallan deseguido, elaborados en función do establecido nos artigos 13, 14 e 15 do Real decreto 592/2014, que estarán a disposición do estudiantado no MOOVI da materia de Practicum do Grao en Traballo Social:
  - a) Anexo I: condicións da práctica académica externa.
  - b) Anexo II: declaración responsable da entidade colaboradora.
  - c) Anexo III: compromiso do estudiantado.
  - d) Anexo IV: informe do titor/a da empresa ou da entidade.
  - e) Anexo V: informe do titor/a académico/a.
  - f) Anexo VI: informe final do estudiantado de prácticas.
  - g) Anexo VII: solicitude de modificación das condicións das prácticas externas.
  - h) Anexo VIII: solicitude de rescisión/interrupción das prácticas externas.
  - i) Anexo IX: certificado de realización das prácticas externas.
12. Ningún/unha estudante poderá incorporarse a unha práctica externa sen que estean realizados os trámites previos, indicados dende a Coordinación. A persoa titora académica supervisará que o estudiantado teña a documentación detallada no Moovi da materia.
13. A persoa titora académica aprobará os contidos do proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa e que se recollen no Anexo

I, incluídos os obxectivos educativos, tendo en conta as competencias que adquirirá o estudiantado e as actividades que desenvolverá. O proxecto formativo definirase de forma que asegure a relación directa das competencias adquiridas cos estudos do Grao en Tráballo Social.

14. O estudiantado terá acceso á documentación relativa ao Practicum tanto na páxina web da Facultade de Educación e Tráballo social como no Moovi relativo a esta materia.
15. A documentación que terá que entregar o estudiantado tanto no que respecta á documentación administrativa (Anexos) como aos exercicios susceptibles de constituír a súa avaliación tamén será depositada na plataforma Moovi.
16. A Coordinación do Practicum e a Coordinadora docente crearán un espazo na materia de Practicum en Moovi para depositar o resto da documentación interna relativa a esta materia (actas, rúbricas internas, etc.).

### **Artigo 13. Incidencias, modificación de condicións e rescisión anticipada das prácticas.**

1. Cada estudante poderá comunicarlle ao titor/a académico calquera incidencia nas condicións de desenvolvemento das prácticas.
2. As condicións nas que se desenvolven as prácticas, inclusiva a renuncia ou rescisión das mesmas, poden ser modificadas, tanto por iniciativa da entidade colaboradora, coma do/da estudante. En todo caso, deben comunicarse por escrito indicando as causas que xustifican esa solicitude, a través do Anexo VII (solicitude de modificación das condicións das prácticas externas), remitíndoas ao titor/a académico/a e á Coordinación do Practicum, ao tempo que se soben ao Moovi da materia de Prácticum.
3. Por incumprimento do establecido neste regulamento ou por vulneración das normas vixentes en cada caso, a Universidade de Vigo resérvase a facultade de revogar a participación no programa de prácticas externas tanto para un/unha estudante coma para a entidade colaboradora. A rescisión debe comunicarse por escrito utilizando o Anexo VIII (solicitude de rescisión/interrupción das prácticas externas), e deixarase copia do mesmo nunha carpeta da Coordinación do Moovi (en pechado).

### **Artigo 14. Avaliación da práctica**

1. A avaliación das prácticas curriculares realizarase entre os/as docentes e os/as titores/as académicos/as da Universidade e as persoas titoras externas das entidades. Valoraranse as actividades realizadas na Universidade nos grupos medianos introductorios e nos seminarios de supervisión intermedios (grupos pequenos). Serán así mesmo avaliábeis a Memoria final de prácticas por parte do/a titor/a académico/a e as competencias



- conceptuais, procedimentais e actitudinais adquiridas polo estudiantado na entidade ou institución por parte do/a titor/a externo/a.
2. As particularidades da avaliación serán publicadas na Guía docente da materia de Practicum. Estas guías docentes reflectirán o procedemento de avaliación e de cualificación, e serán aprobadas pola Xunta de Facultade cada curso académico.
  3. Para avaliar e cualificar as prácticas curriculares, a persoa coordinadora da docencia compilará as diferentes notas obtidas por cada estudante ademais das sinaladas nos Anexos pertinentes (Anexo V- informe do titor/a académico/a e Anexo IV – informe do titor/a da empresa ou da entidade).
  4. As persoas titoras académicas comunicarán á persoa coordinadora da docencia das prácticas a cualificación obtida polo estudiantado que teña asignado. A persoa coordinadora da docencia, en colaboración coa Coordinación do Practicum, cubrirá a acta da materia de Practicum.

**Artigo 15. Calidade das prácticas externas.**

1. A garantía que establece o sistema de calidade da Facultade de Educación e Traballo Social das prácticas externas establece que tanto a facultade coma as entidades colaboradoras deben de garantir que as persoas titoras velen polo correcto desenvolvemento das prácticas e revisen a súa planificación.
2. O estudiantado das prácticas terá acceso á enquisa de satisfacción.

**Artigo 16. Protección de datos.**

Os datos persoais do estudiantado e os contactos da entidade colaboradora utilízanse e incorpóranse aos ficheiros da Universidade de Vigo, segundo a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o establecido no artigo 22 do regulamento de prácticas da Universidade de Vigo.

A utilización destes datos farase co único fin de xestionar correctamente as prácticas e de seguir, tanto o acceso ao mercado laboral coma a inserción do alumnado.



Facultade de  
Ciencias da Educación  
Universidade de Vigo

Área de Calidade



Centro certificado  
FIDES AUDIT